

Informe sobre os indicadores de actividade e de VEB do sector servizos

Datos correspondentes a novembro de 2025


Data de publicación: 16/01/2026

Principais resultados

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra un crecemento interanual do 3,5 % no mes de novembro de 2025.
- En España, a cifra de negocios no sector servizos aumenta un 4,4 %.
- O persoal ocupado no sector servizos medra un 1,3 % en Galicia e un 1 % en España.

Indicador de actividade do sector servizos. Cifra de negocios. Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios.

1. Cifra de negocios

1.1. Índice xeral e por sectores de actividade

En novembro, o indicador de actividade no sector servizos en Galicia rexistra un crecemento interanual do 3,5 %. Esta taxa é 3,8 puntos superior á rexistrada no mes de outubro. En España, a cifra de negocios no sector servizos medra un 4,4 %, taxa inferior en 0,1 puntos á do mes de outubro.

A facturación en "Comercio" aumenta un 3,2 % e "en Outros servizos" un 4,3 %. En España a facturación en "Comercio" aumenta o 4,3 % e en "Outros servizos" o 4,4 %.

Índices de cifra de negocios. Novembro de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
XERAL	137,6	3,5	3,5
COMERCIO	138,1	3,2	3,1
Venta e reparación de vehículos de motor	146,1	7,2	-1,2
Comercio por xunto	141,7	2,8	3,7
Comercio ao retalho	125,1	3,4	3,3
OUTROS SERVIZOS	136,6	4,3	4,5
Transporte	147,2	2,4	2,3
Hostalería	138,4	4,4	4,9
Información e comunicacións	142,1	2,3	1,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	127,9	7,4	9,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	123,7	4,9	10,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
XERAL	130,8	4,4	4,6
COMERCIO	128,3	4,3	4,7
Venta e reparación de vehículos de motor	152,1	8,7	7,5
Comercio por xunto	120,8	2,9	4,2
Comercio ao retalho	137,0	5,5	4,6
OUTROS SERVIZOS	135,3	4,4	4,5
Transporte	133,7	3,6	4,4
Hostalería	138,4	2,9	4,6
Información e comunicacións	128,8	2,3	3,2
Actividades inmobiliarias	143,8	13,2	8,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	135,6	3,8	4,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	158,4	6,1	5,0

Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios.

Nas actividades comerciais, aumenta a cifra de negocios de "Venta e reparación de vehículos de motor" un 7,2 %, a de "Comercio ao retalho" un 3,4 % e a de "Comercio polo xunto" un 2,8 %. A nivel nacional, aumenta a cifra de negocios en "Venta e reparación de vehículos de motor" un 8,7 %, en "Comercio polo xunto" un 2,9 % e en "Comercio ao retalho" un 5,5 %.

En "Outros servizos", o maior crecemento rexístrase no sector de "Actividades profesionais, científicas e técnicas" (7,4 %). En España, o maior incremento rexístrase en "Actividades inmobiliarias" (13,2 %).

1.2. Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta un 4 % en novembro.


“Actividades profesionais, científicas e técnicas” é o sector onde se rexistra o maior incremento interanual (10 %).

1.3. Datos corrixidos de efectos de calendario

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de efectos de calendario segundo o método de ponderación. O índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 6 % respecto ao mes de novembro do ano anterior e o índice ponderado por VEB aumenta o 5,9 %.

Indicador de actividade do sector servizos corrixido de efectos de calendario. Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.


1.4. Indicadores por comunidades autónomas

A cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas no mes de novembro respecto ao mesmo mes de 2024. Comunidade Valenciana (7,2 %), País Vasco (6,8 %) e Aragón (6,3 %) rexistran os maiores incrementos da facturación. Pola contra, os menores crecementos rexístranse en Castela-A Mancha (2,7 %), Andalucía (3 %) e Asturias (3 %).

No que vai de ano, a cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas. As taxas máis altas preséntanse en Illas Baleares (7,1 %), A Rioxa (6 %) e Canarias (5,8 %).

Índices de cifra de negocios. Novembro de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios.

2. Persoal ocupado


2.1. Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta un 1,3 % en Galicia e un 1 % en España. O persoal ocupado crece un 0,9 % en "Comercio" e un 1,5 % en "Outros servizos". Os sectores con maiores incrementos son "Información e comunicacións" (3,4 %) e "Actividades profesionais, científicas e técnicas" (2,6 %).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1 % en "Comercio" e un 1 % en "Outros servizos". Os maiores crecementos rexístranse en "Actividades administrativas e servizos auxiliares" (2 %), "Transporte" (1,7 %) e "Venta e reparación de vehículos de motor" (1,5 %).

Indicador de actividade do sector servizos. Persoal ocupado. Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe




Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios.

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

O emprego no sector servizos increméntase en 16 comunidades autónomas no mes de novembro. As comunidades con maiores aumentos do persoal ocupado son Illas Baleares (1,7 %) e Canarias (1,7 %). Andalucía é a única comunidade onde diminúe o persoal ocupado (-0,2 %).

Índices de persoal ocupado. Novembro de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios.

3. Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.